



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión 21 de abril de 2023 (1424/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas e cinco minutos do día vinte e un de abril de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Espiñeira Pardo (RA. 24/04/2023), por ausencia do Excmo. Sr. Alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(287).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(288).- OUTORGAMENTO DAS AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO. EXPTE. 26298/332.

Visto o informe de fiscalización do 21/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/04/2023, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de novembro de 2022 adoptou os seguintes acordos:

- Aprobar o gasto por importe total de 5.200.000,00 (cinco millóns douscentos mil) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2022.

- Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan no expediente.

- Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), ademais a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

2.- As referidas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 228, de 29 de novembro de 2022 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS no BOPPO núm. 231, do 2 de decembro de 2022, así como na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme á base décima o prazo de presentación de solicitudes foi de dous meses contados a partir do día seguinte á data de publicación do dito extracto da convocatoria, finalizando o prazo o 02/02/2023, no que resultou a presentación de 19.117 solicitudes.

3.- A base segunda das reguladoras das “Axudas Municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio” establece que a concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva sen establecer comparación entre as solicitudes e sen fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

4.- A contía das axudas será de 205,00 (douscentos cinco) euros por cada fillo/a escolarizado/a que reúna os requisitos establecidos que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados”, dotada con 5.200.000,00 euros.

5.- As solicitudes presentadas foron verificadas comprobándose en cada unha o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases e a presentación da documentación requirida, resultando:

- 15.325 solicitudes cumpren os requisitos da convocatoria polo que procede a concesión da axuda (Anexo 1).

- 1.955 solicitudes non acreditan o cumprimento dalgún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 2). No dito anexo distínguense as solicitudes parcialmente concedidas. Neste suposto conforme á base décimo



Concello de Vigo

primeira procede requirir aos/ás solicitantes para que no prazo de 10 días hábiles emenden a solicitude ou completen a documentación requirida.

6.- En data 19 de abril de 2023 reuniuse a Comisión de Seguimento referida na base décimo sexta. Nesta reunión dáse conta á comisión do resultado do proceso de verificación das solicitudes como se recolle no apartado anterior.

A vista destes datos, e dado que a finalidade destas axudas é a de paliar os efectos da actual crise económica de xeito que os gastos inherentes ao novo curso escolar resulten menos gravosos ás familias, tendo en conta o actual contexto socio-económico motivado polos altos niveis de inflación e a alza dos prezos, que afecta en maior medida ás unidades familiares con menores a cargo, a Comisión de Seguimento propón que se tramite a concesión das axudas das solicitudes que cumpren os requisitos e, por outra parte, que se requira a emenda das solicitudes incompletas ou que non acrediten o cumprimento dos requisitos.

Estas últimas solicitudes, unha vez presentada a documentación necesaria, volverán a ser obxecto de verificación e co resultado deste proceso formularase unha nova proposta de concesión das axudas para as solicitudes nas que concorran os requisitos requiridos e de denegación das solicitudes que non xustifiquen o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases.

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tendo en conta as Bases Regulatoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 1 deste acordo as “axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio” coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a nun centro público ou privado concertado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial situado no termo municipal de Vigo, por importe total de **4.254.980,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados”

SEGUNDO.- Requirit aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas (Anexo 1) e a relación de solicitudes que procede que sexan emendadas (Anexo 2) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á publicación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(289).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PERSOAS EMPREENDEDORAS E PEMES. EXPTE. 19881/77.

Visto o informe de xurídico do 20/04/2023 e o informe de fiscalización 21/04/2023, dáse conta do informe-proposta de data 19/04/2023, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, a concelleira-delegada de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Mediante resolución do 9 de xaneiro de 2023, a Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, resolveu iniciar o expediente de contratación POR PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ASESORAMENTO PERSOAS EMPREENDEDORAS E PEMES.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e pola Tenente de Alcalde e



Concello de Vigo

- concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego en data 9/01/2023.
- b) Orde de inicio de 9 de xaneiro de 2023 da Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.
 - c) Memoria económica do contrato asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e a Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, en data 18/01/2023, con modificación asinada en data 9/03/2023.
 - d) Documentos contables de retención de crédito de 20/01/2023 (RC núm. Operación: 202300006386 e RCFUT núm. Operación 202300006394)
 - e) Declaración da redactora do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 23/01/2023.
 - f) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 9 de marzo de 2023, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e a Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.
 - g) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 27 de marzo de 2023, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e a Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.
 - h) Anuncio de información previa no DOUE de 29 de marzo de 2023.
 - i) Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación, de data 29 de marzo de 2023.
 - j) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 29 de marzo de 2023, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada nos concelleiros de Área por Decreto Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, modificados, respectivamente, en datas 6 e 9 de setembro de 2022. A Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, en resolución de 9 de xaneiro de 2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (19881-77) por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada de “SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PERSOAS EMPRENDEDORAS E PEMES”.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 9 de marzo de 2023, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 29 de marzo de 2023 que rexerán a contratación de “SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PERSOAS EMPRENDEDORAS E PEMES”.

3º.- Aprobar o gasto por importe de **501.309,30 €**, para a contratación de “SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PERSOAS EMPRENDEDORAS E PEMES”, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2270610 ASESORAMENTO A PYMES E EMPRENDEDORES”, dos orzamentos do Concello de Vigo, distribuído nas seguintes anualidades:

- 140.645,11 € correspondentes ao ano 2023.
- 250.654,65 € correspondentes ao ano 2024.
- 110.009,54 € correspondentes ao ano 2025.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(290).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE LESTE”. EXPTE. 1590/441.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización do 21/04/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 20/04/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Leste” (1.590-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Leste” (1.590-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE LESTE”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M^a Trinidad López Rodríguez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con 14 de febreiro de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL CENTO NOVENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (673.195,59 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 116.835,60 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan rev. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	673.195,59 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 13 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Leste” (1590-441) na seguinte orde descendente:

	Clasificación de orden:	Baixa ofertada
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	180.817,00 €
2	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL -ANTONIO FILLOY, S.A.	172.415,96 €
3	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	139.256,00 €
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	130.299,51 €
5	MISTURAS, S.A.	124.346,99 €
6	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	122.733,01 €
7	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	78.057,31 €
8	FARIDO, S.L.	62.089,77 €
9	HORBAN HORMIGONES, S.L.	48.236,41 €
10	NAROM, S.L.	37.276,11 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A36008886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Concello de Vigo

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), o día 14 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 17 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 20 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 5 e 10 de abril de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Renovación da

capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Leste” (1.590-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 454.407,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 78.864,03 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra a través do Convenio de colaboración para a execución dun “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA COA RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO” (expediente 1514-441)”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(291).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “PAVIMENTACIÓN DA RÚA CONDE DE TORRECEDEIRA”. EXPTE. 1593/441.

Visto o informe de fiscalización do 21/04/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 20/04/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira” (1.593-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira” (1.593-441)



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA CONDE DE TORRECEDEIRA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Javier Pardiñas Lamas.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con 15 de febreiro de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL DOUSCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (673.224,71 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 116.840,65 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan rev. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	673.224,71 €
------	--------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 31 de marzo de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira” (1593-441) na seguinte orde descendente:

	Clasificación de orden:	Baixa ofertada
1	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	123.294,71 €
2	COVSA	111.555,01 €
3	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL -ANTONIO FILLOY, S.A.	110.720,43 €
4	MISTURAS SA	91.081,06 €
5	CONSTRUCCIONES FECHI SL	87.776,49 €

6	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	85.182,40 €
7	NAROM S.L.	26.372,61 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE SL (B36024933), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE, S.L., o día 4 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 19 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 20 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES VALE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 e 27 de marzo de 2023.



Concello de Vigo

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. (B-36.024.933) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira” (1.593-441) por un prezo total de 524.038,11 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 90.948,76 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra a través do Convenio de colaboración para a execución dun “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT”(expediente 954-441)”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(292).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE OESTE”. EXPTE. 1594/441.

Visto o informe de fiscalización do 21/04/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 20/04/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Oeste” (1.594-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Oeste” (1.594-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE OESTE”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M^a Trinidad López Rodríguez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con 15 de febreiro de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS ONCE MIL CATROCIENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (611.436,51 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 106.117,08 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	611.436,51 €
------	--------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 13 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural



Concello de Vigo

das parroquias do Concello de Vigo. Lote Oeste" (1594-441) na seguinte orde descendente:

	Clasificación de orden:	Baixa ofertada
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	159.175,62 €
2	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL -ANTONIO FILLOY, S.A.	156.598,49 €
3	MISTURAS, S.A.	136.689,43 €
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	133.050,61 €
5	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	121.731,45 €
6	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	110.159,64 €
7	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	71.805,89 €
8	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	63.114,40 €
9	FARIDO, S.L.	51.138,33 €
10	HORBAN HORMIGONES, S.L.	38.960,13 €
11	NAROM, S.L.	25.771,29 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A36008886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), o día 14 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 17 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 20 de abril de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de data 12 de abril de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo. Lote Oeste” (1.594-441) por un prezo total de 418.834,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 72.690,20 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra a través do Convenio de colaboración para a execución dun “PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA COA RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO” (expediente 1514-441)”.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás quince horas e quince minutos Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O SEGUNTO TTE. DE ALDALDE (RA. 21/04/2023)
Francisco Javier Pardo Espiñeira.